

Magín Blanco

CAMIÑOS

Urdime

PROPOSTAS CULTURAIS

T. 981 937 424 | M. 619 92 03 35


www.urdime.net | distribucion@urdime.net

Duración: 50 Min.
Público: Todos os públicos.
Espectáculo Musical
Música e voz: Magín Blanco

CAMIÑOS é a nova aventura de Magín Blanco, un dos mellores músicos e compositores de Galicia adicados ó público infantil e xuvenil. Neste fermoso e completo traballo, Magín xunto ao ilustrador Leandro Lamas, presenta un libro-disco e un espectáculo musical, no que inicia un novo camiño cheo de aventuras e misterios. CAMIÑOS convértese nunha viaxe e un lugar de encontro e descubrimentos para os nenos e as nenas. A través de cancións, contos, poemas e textos de destacados escritores galegos e da inspirada música de Magín, os novos e novas lectoras atopan claves e pistas que á vez que lles divirten, contribúen ao seu desenvolvemento emocional. CAMIÑOS é unha metáfora da vida onde conflúen música, teatro, poesía e contos, para estimular e enriquecer a imaxinación e a creatividade dos/as nenos/as.

CAMIÑOS é tamén un libro de 68 páxinas (tapas duras e papel offset), un CD con 13 cancións orixinais (das que destaca a xa publicada "Marcho que teño que marchar") e contos e poemas de Carlos Meixide, Víctor F. Freixanes, Leticia Costas, Francisco Castro, Paula Carballeira, Anxos Sumai, Marta Somoza, María Lado, Antonio García Teijeiro e Eva Mejuto.

A partir do seu último traballo nace este espectáculo, co fin de levar as súas músicas e aventuras por todo o país, na procura de nenos e nenas aos que cantarlle e contarlle. Un espectáculo musical de 50 minutos de duración onde Magín Blanco se achega ao público familiar co que é o seu repertorio máis bailable e balsámico, máis curador. Ritmos da modernidade para nenos e nenas intrépidos, cantadas doces para amigos invisibles, todo cabe nestes CAMIÑOS, polos que andar e medrar na busca do que queiramos conseguir.





ENLACES DE PRENSA:

[Entevista no programa ZIGZAG da TVG. Presentación de Camiños.](#)

[Presentación do novo Videoclip "Marcho que teño que marchar".](#)

[Entrevista no programa A Revista da TVG. Presentación de Camiños.](#)

[Bolgspot música en galego](#)

[FOLMúsica: Camiños](#)